

Quenda de garda psicolóxica especializada de urxencia para mulleres e os seus fillos e fillas menores, en situación de violencia de xénero



En que consiste

É un dispositivo de intervención psicolóxica especializada para dar resposta en situacións de urxencia derivadas da violencia de xénero.

Impulsado pola Xunta de Galicia en colaboración co Colexio Oficial de Psicología de Galicia. Ten carácter inmediato, gratuíto e confidencial e ofrece cobertura en todos os partidos xudiciais da Comunidade autónoma de Galicia.

A quen presta atención

Ás mulleres e os seus fillos e fillas en situacións de violencia de xénero.

Para que

Para prestar unha atención psicolóxica avanzada e especializada.

Para previr a vitimización secundaria. Para contribuír a xerar as mellores condicións emocionais no momento da declaración.

Cando

Nos momentos inmediatamente posteriores a un incidente violento e/ou agresivo.

Fóra do horario de atención de outros dispositivos que poidan dar cobertura a esa situación.

Quen activa

As forzas e corpos de seguridade do Estado radicados en Galicia, a Policía Autonómica e Local de Galicia, e os xulgados con competencias en violencia de violencia de xénero da Comunidade autónoma.

Quenda de garda psicolóxica especializada de urxencia para mulleres e os seus fillos e fillas menores, en situación de violencia de xénero



Como se activa

1. As Forzas e Corps de Seguridade ou o xulgado correspondente informan á muller do dereito a recibir intervención psicolóxica de urxencia.
2. A muller presta o seu consentimento para recibir a intervención psicolóxica de urxencia.
3. As Forzas e Corps de Seguridade ou o xulgado correspondente activan o dispositivo chamando ao Teléfono da Muller, 900 400 273, público, gratuíto e operativo as 24 horas os 365 días.
4. Dende o Teléfono 900 facilítase ás Forzas e Corps de Seguridade ou ao xulgado correspondente a seguinte información para a activación do dispositivo:
 - Necesidade de remitir cumprimentada a “Solicitud de Atención Psicolóxica”, dispoñible para descargar na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade (https://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/solicitud_atencion_psicologica_1.pdf)
 - Advertir a muller para que teña activo o teléfono indicado na “Solicitud de Atención Psicolóxica”, a través do cal o Teléfono 900 porá en contacto a muller co/coa profesional asignado/a, quen realizará un contacto inicial con ela e a informará do tempo estimado de chegada ao escenario da intervención.
5. Unha vez recibida a “Solicitud de Atención Psicolóxica”, dende o Teléfono 900:
 - Actívase un/unha psicólogo/a da quenda de garda psicolóxica para que se desprace ao escenario da intervención.
 - Nesta mesma chamada ponse en contacto á muller co/coa psicólogo/a asignado/a para establecer o enlace e facilitar información (nome do/a profesional, hora estimada de chegada etc.).
6. No caso de solicitude sen activación final, dende o Teléfono 900 infórmase ás Forzas e Corps de Seguridade ou ao xulgado correspondente da non activación do/a psicólogo/a.